

ORDENANZA FISCAL Nº II.13 REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA E RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA OU TERREOS ADXACENTES E ALMACENAXE DOS MESMOS E INMOBILIZACIÓN POR PROCEDEMENTOS MECÁNICOS, DENTRO DO TERMO MUNICIPAL, NOS CASOS QUE PROCEDA

NATUREZA E RÉXIMEN

Artigo 1:

Este Concello, conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e de acordo co previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece a Taxa por RECOLLIDA E RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA OU TERREOS ADXACENTES E ALMACENAXE DOS MESMOS E INMOBILIZACIÓN POR PROCEDEMENTOS MECÁNICOS, DENTRO DO TERMO MUNICIPAL, NOS CASOS QUE PROCEDA, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto nos artigos do 15 a 19 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2:

O feito imponible está constituído pola prestación dos servizos municipais conducentes:

- a) A retirada das vías urbáns e enganche de aqueles vehículos aparcados en zona non permitida ou que perturben a circulación nas mesmas, ou se atopen abandonados.
- b) Inmobilización de vehículos por procedementos mecánicos.
- c) Depósito e custodia de vehículos ata a súa recollida polo interesados.

DEVENGO

Artigo 3:

Este tributo devengarase, nacente a obrigación de contribuir, coa iniciación da prestación do servizo.

Entenderase que se iniciou a prestación do servizo, cando detectado o vehículo infractor, se inicien as labores conducentes a efectua-los servizos do artigo

2. Tal recollida poderá ser suspendida no caso de que o conductor infractor satisfaga nese momento o importe da taxa, consistente neste caso, no cincuenta por cento da mesma e movílice o vehículo seguidamente a fin de que o mesmo deixe de orixinar-la anomalía pola que se aplica a taxa.

SUXEITOS PASIVOS

Artigo 4:

1. Son suxeitos pasivos desta Taxa, en concepto de sustitutos do contribuínte, as persoas físicas e xurídicas, así como as herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, contituan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición; que sexan propietarios dos vehículos retirados.

2. Serán suxeitos pasivos contribuíntes os conductores dos vehículos.

RESPONSABLES

Artigo 5:

1. Serán responsables solidariamente das obrigacións tributarias establecidas nesta Ordenanza, toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, toda-las sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarios das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2. Os copartícipes ou cotitulares das herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, contituan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición e responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades.

3. Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da deuda tributaria en caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores de aquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigacións tributarias infrinxidas, consintiran no incumprimento por os que dependan deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Asimesmo tales administradores responderán subsidiariamente das obrigacións tributarias que estén pendentes de cumprimentar polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

4. Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia

ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigacións tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE

Artigo 6:

A base imponible ven constituída por cada un dos vehículos que sexan retirados polos servicios municipais das vías urbáns, custodiados, depositados ou inmovilizados.

TIPO, TARIFAS E COTAS

Artigo 7:

Os tipos de gravame serán os seguintes:

1. POR RETIRADA E TRANSPORTE DE CADA VEHICULO:

	ENGANCHE	RETIRADA
<i>1.1. Bicicletas, ciclomotores e motocicletas ata 75 cc</i>	9,00	18,00
<i>1.2. Motos de máis de 75 cc e vehículos análogos.</i>	16,00	32,00
<i>1.3. Turismos, cuatriciclos, triciclos con cabina, quads, furgonetas, camión, furgón, vehículo misto adaptable, todoterreo, monovolúme, semirremolque e análogos con tara ata 2.500 kg</i>	30,00	60,00
<i>1.4. Vehículos, remolques, semirremolques e análogos con tara superior a 2.500 kg e ata 5.000 kg</i>	50,00	100,00
<i>1.5. Vehículos, remolques, semirremolques e análogos con tara superior a 5.000 kg</i>	280,00	560,00

ENGANCHE: Cando se acuda a realizar o servizo e iniciados os traballos necesarios para o traslado do vehículo os depósitos municipais, non se pode consumir éste pola presenza do propietario ou conductor.

RETIRADA: Cando se realiza o servizo completo trasladando o vehículo infractor ata os depósitos municipais.

2. POR DEPOSITO E CUSTODIA POR UNIDADE E DIA OU FRACCION:

	€ <i>(redondeo a euro)</i>
<i>2.1. Bicicletas, ciclomotores, motocicletas e vehículos análogos</i>	7,00
<i>2.2. Semirremolques con tara ata 750 kg (sen matricular) e vehículos análogos. Turismo, cuatriciclo, triciclo con cabina, quad e análogos, furgoneta, camión furgón, vehículo mixto adaptable, todoterreo, monovolúme e análogos con tara ata 2.500 kg.</i>	14,00
<i>2.3. Vehículos, remolques, semirremolques e análogos con tara superior a 2.500 kg e ata 5.000 kg</i>	49,00
<i>2.4. Vehículos, remolques, semirremolques e análogos con tara superior a 5.000 kg</i>	79,00

3. POR INMOBILIZACIÓN DE CADA VEHICULO:

	€ <i>(redondeo a euro)</i>
<i>3.1. Vehículos de todas as clases con tara ata 750 kg.</i>	35,00
<i>3.2. Vehículos de todas as clases con tara superior a 750 kg e ata 2.500 kg.</i>	55,00
<i>3.3. Vehículos de todas as clases con tara superior a 2.500 kg.</i>	113,00

EXENCIONES, REDUCCIONES E DEMÁS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

Artigo 8:

1. Non se recoñece beneficio tributario ningún, salvo os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais.

2. Non quedarán suxeitos ó pago da taxa, os vehículos sustraídos, circunstancia que deberá acreditarse mediante a aportación da copia da correspondente denuncia formalizada.

XESTION E RECADACIÓN

Artigo 9:

Non serán devoltos os vehículos que foran obxecto de recollida, custodia, depósito ou inmovilización, mentras non se faga efectivo o pago das cotas que se establecen nesta Ordenanza, sen perxuízo do recurso que lle asiste. Non obstante o anterior efectuaráanse facturacións cada 3 meses, a contar do día

seguinte da entrada do vehículo do depósito municipal, que serán notificadas ó interesado, para que faga efectivo o seu importe, no prazo do período voluntario de pago. En caso contrario a débeda será esixida pola vía de constriximento.

O pago das liquidacións da presente taxa non exclue, en modo algún, o das sancións ou multas que fosen procedentes por infracción das normas de circulación e policía urbana.

Artigo 10:

Respecto á sanción ou multa imposta por estacionamento antirreglamentario poderá ser satisfeita voluntariamente polo interesado para a retirada do vehículo. Caso de non satisfacela, seguirase o procedemento xeral establecido na materia, con notificacións regulamentarias, indicación de recursos, etc., conforme ó disposto no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 11:

O Concello poderá celebrar concerto cos garaxes da cidade, ou outros para a prestación do servizo de grúa e estancia do vehículos retirados das vías urbáns.

INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS

Artigo 12:

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademáis do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e demás normativa aplicable.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 26 de decembro de 2013, e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 49 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

Fechas anteriores modificacións:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003
PUBLICADO BOP (corrección erros): 09/02/2004
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2004
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 19/03/2012
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 11/02/2013

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOP: 30/12/2013

